



## CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

### ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 23 DE FEBREIRO DE 2012.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e tres de febreiro de dous mil doce, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

#### **Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):**

D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Begoña Calviño Dorado  
D. Jesús Vázquez García  
D. Domingo Fuentes Rocha

#### **Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):**

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)  
D.<sup>a</sup> María del Loreto Caseiras Arroyo

#### **Grupo municipal do Partido Popular (PP):**

D.<sup>a</sup> Antonia M.<sup>a</sup> Sanjurjo Seijas (voceira)  
D.<sup>a</sup> Silvia M.<sup>a</sup> Vázquez Cardelle  
D.<sup>a</sup> Isabel Prado Gómez  
D. Alberto Feijoo Rodríguez  
D. Fernando Abruñedo Fernández

#### **Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**

D. Antón Sánchez García (voceiro)  
D. Juan Antonio Fariña Pedreira

#### Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.<sup>a</sup> Laura Gutiérrez Ortiz  
O secretario xeral: D. Federico Suárez Cancelo

### **ORDE DO DÍA**

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2012.**

**2.- MOCIÓN INSTITUCIONAL PARA INICIAR O PROCESO DE DECLARACIÓN DO TERRITORIO DAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO COMO RESERVA MUNDIAL DA BIOSFERA. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

**3.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN COA XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO.**

**4.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA – GOLFO ÁRTABRO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

**5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 71/2012, DE 17 DE FEBREIRO, SOBRE O DESESTIMENTO DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO P.O. NÚM. 15327/2011, INTERPOSTO ANTE O TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, CONTRA O ACORDO DENEGATORIO SOBRE RECOÑECIMENTO DE DERECHO DE COMPENSACIÓN POR CANTIDADES DEIXADAS DE PERCIBIR POR BONIFICACIÓN DO 95% DA COTA DO IBI A FAVOR DE AUDASA, ANOS 2005-2008.**

**6.- ASUNTOS URXENTES**

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2012.**

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión do día 26 de xaneiro de 2012. A Sra. alcaldesa preguntalles ós/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular; non se presentan, polo que se aproba por unanimidade.

**2.- MOCIÓN INSTITUCIONAL PARA INICIAR O PROCESO DE DECLARACIÓN DO TERRITORIO DAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO COMO RESERVA MUNDIAL DA BIOSFERA. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“Na última década, a UNESCO ten centrado a súa atención no medio ambiente e o desenvolvemento. O programa MAB (People and the Biosphere) é o exemplo máis claro deste traballo, tornándose un dos máis importantes para a conservación da natureza e progreso das poboacións locais.*

*Os principais instrumentos de acción do programa MAB son las Reservas da Biosfera, áreas que pertencen a ecosistemas terrestres ou costeiros/mariños ou unha combinación dos mesmos representativos e cuxa importancia para o subministro de coñecementos prácticos e científicos e de valores humanos contribúen decididamente ao desenvolvemento sostible. A figura de Reserva da Biosfera outórgase a espazos que contén cunha riqueza natural e cultural representativas dos distintos ecosistemas do globo.*

*Para contribuír a preservar e manter valores naturais e culturais, e a súa xestión sostible apoiada en bases científicas correctas e na creatividade cultural, as Reservas da Biosfera susténtanse no cumprimento dunha función de conservación, para contribuír a preservar paisaxes, ecosistemas, especies e a variabilidade xenérica; unha función de desenvolvemento, para potenciar un desenvolvemento económico e humano que*

*sexa sostible desde o punto de vista ambiental e socioeconómico; unha función loxística, para proporcionar un soporte para a investigación, seguimento, xestión, educación e intercambio de información en aspectos locais, nacionais ou globais de conservación e desenvolvemento; e en un sistema de ordenación en tres zonas básicas: zona núcleo, zona de protección e zona de transición, cuxas diferencias básicas radican na maior ou menor posibilidade de realización de actividades.*

*As Reservas da Biosfera, no marco do Programa MaB, organízanse nunha Rede Mundial dinámica e interactiva de lugares de excelencia. En España, no último quinquenio, tense dado un novo impulso ao desenvolvemento do Programa MaB da UNESCO e ao funcionamento da Rede Española de Reservas da Biosfera.*

*Das Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo debemos destacar non só a importancia dos seus valores ambientais, senón tamén os culturais, etnográficos e históricos que teñen sido motor de desenvolvemento de este territorio e diferenciadores respecto a outros.*

*Consideramos que as Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo contan cos requisitos necesarios para a súa declaración como Reserva de Biosfera en tanto en canto, e tal e como establece o Programa MaB, cumpre coas funcións e criterios que toda Reserva de Biosfera debe cumprir, ao tratarse dun territorio, terrestre e mariño, cunhas condicións naturais extraordinarias, en onde reside unha poboación concienciada co medio ambiente e o desenvolvemento dentro do marco da sostibilidade, cunha cultura tradicional propia, e un territorio que serve de modelo para o desenvolvemento de investigacións así como ámbito para o desenvolvemento de prácticas de ensinanza-aprendizaxe.*

*Este territorio pretende ser por tanto, unha proposta de actuación que trata de aunar, baixo un mesmo enfoque baseado na conservación, o desenvolvemento sostible, a investigación, a educación ambiental e a participación cidadá na xestión do territorio e a demostración e divulgación dos resultados obtidos. Deste modo, podemos entender á Reserva como un espazo de consenso entre as poboacións locais, as organizacións administrativas, e todas aquelas organizacións interesadas no devir económico e social das sociedades inmersas nel, auspiciado sempre no marco da sostibilidade.*

*Desde a Deputación da Coruña estase a traballar na execución do Proxecto Mandeo, que é un programa de carácter piloto para potenciar o desenvolvemento sostible utilizando o propio río como elemento integrador e dinamizador. O territorio xeográfico de actuación deste programa está definido e delimitado pola propia cunca hidrolóxica do río Mandeo (Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne e Sobrado dos Monxes).*

*Desde a Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” estase a traballar na execución do Programa LEADER, tendo como obxectivo final da súa estratexia de desenvolvemento a valorización do territorio, incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local a partir da valorización do patrimonio natural, cultura e do fomento da cohesión social. O ámbito de actuación preferente de “Mariñas–Betanzos” comprende os concellos de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Culleredo, Miño, Irixoa, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne e Sada.*

*En virtude dos fundamentos expostos anteriormente, sométese á consideración do Pleno da Corporación a adopción da seguinte MOCIÓN INSTITUCIONAL:*

*PRIMEIRA.- Asumimos conxuntamente as Entidades Locais de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne, Sada, Sobrado dos Monxes, a Deputación Provincial de A Coruña, así como a Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos”, a condición de promotores no proceso de elaboración dunha candidatura das Mariñas Coruñesas e as Terras do Mandeo para a súa declaración como Reserva Mundial da Biosfera por parte da UNESCO.*

*SEGUNDA.- Encomendamos á Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos” o proceso de elaboración de candidatura e tramitación do expediente de declaración como Reserva Mundial da Biosfera ante os organismos e institucións pertinentes.*

*TERCEIRA.- Daremos traslado do presente acordo a cantas entidades e institucións se consideren oportunas para a súa adhesión e traballo colaborativo no obxectivo de declarar as Mariñas Coruñesas e as Terras do Mandeo como Reserva Mundial da Biosfera, establecendo a participación pública e a colaboración da cidadanía como eixos vertebradores da proposta de candidatura.*

*Esta e a miña proposta, non obstante o Pleno acordará o que considere oportuno  
Bergondo, 10 de febreiro de 2012=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”*

O Sr. voceiro do BNG manifesta: nos estamos a favor, pero, como xa dixemos na Comisión Informativa, son recursos europeos para potenciar políticas ambientais e de participación cidadá, polo que hai a responsabilidade de gastalos ben. Para aproveitar estes recursos que poidan vir, se se declara Reserva da Biosfera, van facer falta proxectos e políticas que se manteñan no tempo e ata agora estas políticas no Concello de Bergondo non se levaron a cabo, polo que se se queren aproveitar vai haber que comezar a traballar xa nese Plan Estratéxico que nos dicíamos; en que zonas se van inverter os cartos, senón vai ser como coa Axenda 21, que se gastaron cerca de seiscentos mil euros e os veciños da comarca non o notamos, polo tanto, dicir que apoiamos e animamos dende agora a traballar, a potenciar a riqueza que temos na ría que é un lugar de interese comunitario, xestión forestal, todas estas políticas que hai que facer e non para dous días, hai que mantelas no tempo.

Toma a palabra o Sr. voceiro de VB e di: nos imos apoiar esta proposta, ademais do que comentaban os demais grupos, é unha obriga de todos que esas ideas que teñamos en común as podamos facer, cada un no seu momento, pero nunha mesa de traballo; o dicir que en Bergondo hai que comezar a traballar e xa que temos como exemplo a Axenda 21 temos a oportunidade de cambialo agora, propoñendo unha mesa de traballo de tódolos grupos onde presentemos ideas, e a partir de aí se ven este proxecto aprobado teríamos todos claro onde queremos ir. Entón, eu aparte de votar a favor esta moción, gustaríame propoñer a creación desa mesa e que nos sentemos todos a propoñer ideas, entón, queda nas mans dos demais grupos.

Sr. voceiro do BNG: nós non temos ningún inconveniente en discutir nunha mesa, pero a mellor mesa que hai son os Plenos, e nós nos Plenos temos proposto un Regulamento de Participación Veciñal hai mais de tres anos, e, se os acordos se toman e non se levan a cabo non vale de nada sentarse nas mesas, nós participamos en todas as mesas que fagan falta se se cumpre o acordado, senón estamos perdendo o tempo. Nos presentamos moitas propostas que se aprobaron e non se levan a cabo, polo tanto, participaremos nesa mesa, pero os acordos que se toman no Pleno están aí, constan en acta, e hai que levalos a cabo.

Sra. alcaldesa: en todo caso, como este é un proceso no que imos da man con os demais concellos do Proxecto Mandeo, do Grupo de Desenvolvemento Rural Terra das Mariñas, será o propio grupo, e o proxecto, o que defina as liñas de actuación como grupo e despois o que podamos definir os concellos particularmente, sabemos que vai haber moitas actuacións que serán para todo o grupo e esas vanse decidir na Asemblea do propio grupo ou na Xunta Directiva da que vostede, voceiro do BNG, tamén forma parte. Estaremos á espera e moi pendentes dos proxectos ós que nos poidamos acoller e cales van ser esas liñas definitivas para traballar; estamos todos de acordo en que é unha oportunidade única e non debemos perdela, e perder estes cartos, xa que parece que hai opción real de que sexamos declarados como Reserva da Biosfera.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

### **3.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN COA XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO.**

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“Con data de 15 de marzo de 2006, a Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias, asinaron un convenio para o intercambio de información e mutua colaboración administrativa. Tal convenio abría a posibilidade de que fora subscrito por todos aqueles concellos que estiveran interesados.*

*A subscrición do citado convenio supón artellar unha estreita colaboración entre o Concello e a Xefatura Territorial de Tráfico que redundará en beneficio dos cidadáns, salientando a posibilidade de tramitar directamente desde o Concello o cambio de domicilio no permiso de circulación, intercambio de datos en materia de sancións de tráfico e de tramitación do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, así como a posibilidade de ceder ao Concello vehículos e/ou equipos medidores (etilómetros, cinemómetros, medidores de potencia e outros).*

*Tendo en conta que o Concello de Bergondo desde o 8 de xullo de 2008, xa ten asinado un convenio de colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico referente ao acceso aos rexistros de vehículos e persoas do Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico, que agora coa sinatura destes novos convenios quedaría complementado e ampliado.*

*Considerando que os citados convenios teñen unha duración prevista de 1 ano, pero non obstante prevén a prórroga automática de xeito indefinido e que segundo o previsto na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a competencia lle corresponderá ao pleno cando se trate de contratacións que excedan dos 4 anos e entendendo que tal atribución de competencias debe ser aplicada por analogía aos convenios que poidan ser subscritos polo Concello, pola presente propono que o Pleno da Corporación previo ditame da Comisión Informativa adopte o seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO:** *Solicitar a íntegra adhesión do Concello de Bergondo ao Convenio subscrito entre o Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa asinado en Madrid o 15 de marzo de 2.006.*

**SEGUNDO:** *Igualmente aprobar o convenio bilateral entre o Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico e o Concello de Bergondo, polo que se formaliza a súa adhesión ao convenio específico de colaboración subscrito entre o Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de seguridade vial, incluíndo os seus anexos.*

**TERCEIRO:** *Facultar á Sra. Alcaldesa para que proceda a asinar cantos documentos e a realizar cantos trámites resulten oportunos para levar a efecto o presente acordo.*

*Esta é a miña proposta non obstante o Pleno acordará o que considere oportuno.*

*Bergondo 10 de febreiro de 2012.=A Alcaldesa.=Alejandra Pérez Máquez.”*

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: seguindo coa colaboración que xa tiñamos asinada no anterior convenio, se vostedes están de acordo; terán que pasar polas comisións pertinentes en Madrid polo que tardaremos un par de meses en que este convenio sexa efectivo e real.

Sra. voceira do PP: nós, como xa dixemos, estamos de acordo; ademais as cousas que amplía este convenio penso que van facilitarnos a vida ós cidadáns.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

#### **4.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA – GOLFO ÁRTABRO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“Tendo en conta que este concello forma parte do Grupo de Acción Costeira – Golfo Ártabro, e comprobándose que está pendente o nomeamento dos representantes correspondentes desta Corporación, **propoño** ó Pleno municipal a adopción do seguinte **acordo**:*

**Primeiro:** Nomear representantes da Corporación municipal no Grupo de Acción Costeira – Golfo Ártabro, do seguinte xeito:

*Titular: a alcaldesa D.ª Alejandra Pérez Máquez.*

*Suplente: concelleiro ou concelleira no que delegue.*

**Segundo:** Comunicar o presente acordo ó órgano correspondente.

*Esta é a miña proposta, non obstante o Pleno decidirá o que considere oportuno  
Bergondo, 13 de febreiro de 2012.=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”*

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

#### **5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 71/2012, DE 17 DE FEBREIRO, SOBRE O DESESTIMENTO DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO P.O. NÚM. 15327/2011, INTERPOSTO ANTE O TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, CONTRA O ACORDO DENEGATORIO SOBRE RECOÑECIMENTO DE DERECHO DE COMPENSACIÓN POR CANTIDADES DEIXADAS DE PERCIBIR POR BONIFICACIÓN DO 95% DA COTA DO IBI A FAVOR DE AUDASA, ANOS 2005-2008.**

A continuación dáse conta ós/ás asistentes do Decreto da Alcaldía 71/2012, de 17 de febreiro, que transcrito literalmente di:

*“O pleno municipal en sesión do día 25 de marzo de 2010, adoptou o acordo de interpoñer Recurso Contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contra o acordo de denegación do recoñecemento do dereito de compensación solicitado polo Concello de Bergondo polas cantidades deixadas de percibir como consecuencia da bonificación do 95% aplicada nas cotas do Imposto sobre Bens Inmóveis, a favor da empresa Autopistas del Atlántico S.A (AUDASA) que nos exercicios 2005 a 2008 cuantifican en un total de 2.248.933,84 euros, así como os intereses legais tamén reclamados, acordo procedente da Dirección Xeral de Coordinación Financeira e Facenda coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais do Ministerio de Economía e Facenda.*

*O 15 de febreiro de 2012, recibíuse neste Concello un escrito procedente da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña, no cal se recomenda o desestimento do recurso interposto.*

*CONSIDERANDO o disposto no artigo 4b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós Entes Locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP núm. 245 de 25 de outubro de 1988.*

*Logo de ver o artigo 21.1.k) en consonancia co artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a alcaldesa desta Corporación RESOLVE:*

**Primeiro:** DESISTIR do Recurso Contencioso-administrativo 15327/2010, interposto perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, seguindo as recomendacións efectuadas pola Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial de A Coruña que exercita a defensa e representación do Concello de Bergondo como demandante.

**Segundo:** Notificar o presente decreto a asesoría xurídica da Deputación da Coruña, para o seu coñecemento.

**Terceiro:** Dar conta o Pleno na primeira sesión que teña lugar.

Bergondo, 17 de febreiro de 2012.=A Alcaldesa=Alejandra Pérez Maquez”

O Pleno queda enterado.

## 6.- ASUNTOS URXENTES

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta ós voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba a esta convocatoria.

A Sra. alcaldesa presenta un asunto urxente en relación a un recoñecemento extraxudicial de crédito para poder aprobar as facturas que non se presentaron polos provedores no prazo correspondente; xustifica a súa urxencia na obrigatoriedade que ten o concello en pagar os provedores en corenta días.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos trece concelleiros asistentes, que constitúen a totalidade da Corporación, declara a súa urxencia, pasando seguidamente a debatelos.

### 6.1.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Seguidamente dáse conta ós/ás asistentes da proposta da Alcaldía que transcrita literalmente di:

*“Unha vez vista a relación de facturas que se integran neste expediente, incluíndo facturas do exercicio 2011 presentadas no Concello no exercicio 2012 e facturas do exercicio 2011 pero que se aproban no 2012 unha vez son informadas polos servizos sociais municipais, tendo en conta que existe neste exercicio de 2012, crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas, e que na tramitación deste expediente se cumpren os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (art. 60 do Real-Decreto 500/90, de 20 de Abril, o art. 50 do Real-Decreto 2.568/86, de 28 de Novembro) e visto o informe da Intervención municipal de data 23 de febreiro de 2012, propónse a adopción do seguinte acordo:*

*1º) Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe total de 6.557,27 euros, das facturas relacionadas, que teñen que aprobarse a través deste procedemento excepcional, para a súa imputación ó exercicio económico de 2012, conforme ó seguinte detalle:*

<i>Terceiro</i>	<i>CIF</i>	<i>Nº factura</i>	<i>Data factura</i>	<i>Data rexistro</i>	<i>Contía</i>	<i>Descrición</i>
Michel Caldararo S.L.U.	B70249503	089100100053	07/12/2011	13/12/2011	15,44	Alimentos servizos sociais (informe social e decreto 3 de xaneiro de 2012)
Michel Caldararo	B70249503	089100200103	29/11/2011	13/12/2011	14,03	Alimentos servizos sociais

S.L.U.						(informe social e decreto 3 de xaneiro 2012)
María Teresa Morales Otero	76515214-X	2145	30/09/2011	21/12/2011	45,05	Produtos farmacéuticos servizos sociais (informe social 2 de xaneiro 2012)
María Teresa Morales Otero	76515214-X	2564	09/12/2011	13/12/2011	12,12	Produtos farmacéuticos servizos sociais (informe social e decreto 2 de xaneiro 2012)
María Teresa Morales Otero	76515214-X	2341	28/10/2011	13/12/2011	5,89	Produtos farmacéuticos servizos sociais (informe social e decreto 2 de xaneiro 2012)
María Teresa Morales Otero	76515214-X	2632	20/12/2011	21/12/2011	8,53	Produtos farmacéuticos servizos sociais (informe social e decreto 2 de xaneiro de 2012)
Michel Caldararo S.L.U.	B70249503	089100100056	19/12/2011	06/02/2012	75,70	Alimentos servizos sociais
Michel Caldararo S.L.U.	B70249503	089100200106	14/12/2011	06/02/2012	21,87	Alimentos servizos sociais
Michel Caldararo S.L.U.	B70249503	089100200110	23/12/2011	06/02/2012	3,90	Alimentos servizos sociais
Michel Caldararo S.L.U.	B70249503	089100200108	19/12/2011	06/02/2012	42,58	Alimentos servizos sociais
Michel Caldararo S.L.U.	B70249503	089100200109	19/12/2011	06/02/2012	12,04	Alimentos servizos sociais
Michel Caldararo S.L.U.	B70249503	089100100055	16/12/2011	06/02/2012	47,81	Alimentos servizos sociais
Michel Caldararo	B70249503	089100200098	08/11/2011	06/02/2012	3,60	Alimentos (Auga)



S.L.U.						
María Isabel Romero Doce	32624187K	11/24	15/11/2011	03/01/2012	7,91	Produtos farmacéuticos serv sociais (informe de 2 de febreiro 2012)
Señalizaciones Norte S.L.	B15937485	11/200	01/12/2011	17/01/2012	889,80	Frecha orientación, postes, placas.
Tocho Comercial, S.L.	B15127293	11006435	31/12/2011	24/01/2012	27,15	Rastrel, Taco, Lixa
Empresa Gilsanz S.A.	A15066814	10.140	31/12/2011	24/01/2012	162,00	Transporte viaxeiros CPI Cruz do Sar
Empresa Gilsanz S.A.	A15066814	10.141	31/12/2011	24/01/2012	162,00	Transporte viaxeiros CPI Cruz do Sar
José Antonio Sotelo Regueira	32404934G	42/11	30/12/2011	24/01/2012	815,38	Horas de pala e viaxes de arena e grava
Sociedad Estatal Correos y telégrafos S.A.	A83052407	4000839852	31/12/2011	24/01/2012	1.826,55	Facturación decembro 2011
María Carmen Garma Castro	32768843F	3	06/12/2011	27/01/2012	521,65	Facturas receitas empregados municipais
Antas & Hernández S.C.	J15401912	131/2011	31/12/2011	27/01/2012	928,00	Honorarios PO 13.800/2008
Josefa Varela Mosquera	76320742A	1827	30/12/2011	31/01/2012	150,00	Palma falecemento
Adif	Q2801660 H	1105000328	31/12/2011	03/02/2012	358,96	Liquidación 2011 Ocupación de terreos
Michel Caldararo S.L.U.	B70249503	089100200105	13/12/2011	06/02/2012	33,67	Alimentos programa madruga
Iñigo San luis Bugallo	33283841N	217	15/12/2011	17/02/2012	250,00	Axudas emerxencia social
Aracnosoft, S.L.	B15677008	928/11	28/10/2011	23/02/2012	56,64	Disco Duro
Aracnosoft, S.L.	B15677008	1.037/11	02/12/2011	23/02/2012	59,00	Fonte de alimentación

2º) Que tal recoñecemento de crédito sexa con cargo ás partidas orzamentarias que constan no informe de intervención que consta no expediente, por existir crédito dispoñible non comprometido.

3º) Que a aprobación deste gasto dea lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xenere. O Pleno decidirá o que crea máis conveniente.

*Bergondo, 23 de febreiro de 2012=A alcaldesa =Asdo. Alejandra Pérez Máquez”*

Seguidamente toma a palabra a Sra. voceira do PP e manifesta: nos cremos que hai que pagar ós provedores, pero gustaríame saber respecto á factura do gabinete de avogados, minuta de honorarios dun expediente de Turísticas Motels, porque vexo que é un recurso contra a Consellería de Medio Ambiente, ¿a que se debe que estea o concello?.

Sra. alcaldesa: é unha obra dun saneamento en Cortiñán realizada pola Consellería, hai unha diferenza de criterios en relación á dispoñibilidade dos terreos, xa que a persoa que interpón o recurso insiste en que é o propietario da zona onde se colocou o bombeo por parte da Consellería, e a nós tamén nos toca estar no procedemento.

Sra. voceira do PP: ¿pero xa está resolto?.

Sra. alcaldesa: aínda non.

A continuación o concelleiro do BNG di: nós tamén cremos que a maior parte das facturas son unha cousa habitual; solo hai unha que non entendo, é a de ADIF, liquidación do canon pola ocupación de terreos, quería que me explicara ¿qué é o que se paga? e ¿porque ADIF non da a factura en tempo?, xa que é un canon anual. Na redacción pon liquidación ocupación de terreos, e eu na factura lin que é un canon que se paga anualmente pola ocupación de non sei que terreos.

Sra. alcaldesa: seguramente é por unha ocupación que se fixo durante a execución dunha obra do Fondo Estatal. Dareille unha explicación mais detallada.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

## **7.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.**

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 23 de xaneiro ata o 17 de febreiro de 2012, numerados do 20/2012 ó 73/2012. O Pleno queda enterado.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O Grupo municipal do Partido Popular, presentou os seus Rogos e Preguntas o día 22 de febreiro, co núm. de rexistro de entrada: 1288. A Sra. voceira do dito grupo, Antonia M.<sup>a</sup> Sanjurjo Seijas, comenta que ten, ademais, outras preguntas en relación ós Decretos que pasa a formular.

Sra. voceira do PP: en canto ó decreto 49/2012, que aproba a solicitude dunha subvención para o financiamento da obra denominada *creación de espazo destinado á infancia en Casal da Senra*, queremos saber en que consiste, e onde é.

Sra. alcaldesa: é na urbanización do Casal da Senra. Como di na Resolución saú publicada no DOGA unha Orde dunha subvención para a creación de parques infantís e paseos fluviais e decidimos solicitar a subvención para esa obra, xa que era a que mais se podía axustar ás condicións requiridas.

Sra. voceira do PP: pero a urbanización Casal da Senra ¿non é unha urbanización privada?.

Sra. alcaldesa: ese é un espazo cedido, é municipal. É a esquina trala farmacia.

Sra. voceira do PP: ¿quen vai facer uso desas instalacións?.

Sra. alcaldesa: esperamos que os veciños e os nenos da zona. En todo caso, se nos dan a subvención, xa que o concello non pode acometer esa infraestrutura se non ten a subvención, e, depende da cantidade que se conceda.

Sra. voceira do PP: pero ó mellor hai outros lugares con mais nenos, incluso dentro do recinto da Senra.

Sra. alcaldesa: non había ningún que se puidese certificar como terreo municipal, e que ademais cadrara coas condicións especificadas na Orde.

Sra. voceira do PP: ¿a Senra non é terreo municipal?

Sra. alcaldesa: non consideramos facer un parque dentro da Senra, sería desperdiciar algo que no seu momento será algo mais que un parque.

Sra. voceira do PP: ¿algo mais?, non entendo, dentro dunha urbanización aínda que sexa nun espazo municipal.

Sra. alcaldesa: e que non é para esa urbanización, é para uso de tódolos veciños, para todo o concello. Ademais é unha forma de adecentar unha zona verde que non sempre está atendida da mellor forma; é unha zona verde e faise a proposta de facer ese parque, por agora o único que fixemos é solicitar unha subvención.

Sra. voceira do PP: con respecto ó decreto núm. 73, *reparación e mellora de camiños nas parroquias de Lubre, Guísamo, Bergondo, Ouces e Moruxo*, ¿porque neste caso temos que facer nós o control de calidade desas obras?

Sra. alcaldesa: o contratamos nós, pero despois se lle detrae do pago que se ten que facer á empresa, estaba xa no Prego. Pasará así con mais obras, verán mais decretos así.

Sr. Secretario: cambiaron os Pregos da Deputación.

Sra. voceira do PP: hai outro de levantamento dun reparo suspensivo pola contratación de cinco peóns.

Sra. alcaldesa: estaban aprobadas no orzamento da Corporación esas contratacións parciais, e o tiñamos aprobado antes de que saíra o Decreto de 30 de decembro no que se especificaba que non se ía poder facer ese tipo de contratacións; era un expediente xa iniciado e ademais cremos que é xusto poder contratar a xente que está nunha situación precaria e procedeuse a seguir co expediente. Esperamos que nos que se fagan con ese tipo de contratación xa non sexa así en non teñan que ser con reparo.

Sra. voceira do PP: no núm. 50 hai outra factura doutro contencioso, iniciado por Carmen Espada.

Sra. alcaldesa: si, é un contencioso por un camiño en Mariñán, no que se nos deu a razón en primeira instancia pero esa persoa recorreu.

A continuación a Sra. voceira do PP pasa a dar conta dos rogos e preguntas presentados:

#### ROGOS e PREGUNTAS:

1.- *Parque Bergondiño: cercado de la pista roto. Arreglo de la puerta de acceso a las pistas. Porterías en mal estado.*

Sra. alcaldesa: si, en xeral hai que darlle un *lavado de cara*, ademais ultimamente sufriu algunhas oleadas de vandalismo.

2.- *Gandarío (frente a los chalets de piedra). Limpieza y reparación de dos bancos.* Están cheos de maleza, e xa que están feitos polo menos mantelos decentes.

Sra. alcaldesa: si.

*3.- Pistas y parque Ouces (Iglesia). Reparación del cercado de madera. Reponer dos columpios que faltan.*

Sra. alcaldesa: si.

*4.- Protección Civil. Ordenanza Fiscal reguladora de la tasa por prestación de servicios de emergencias y otros análogos.*

Sra. voceira do PP: eu non digo aplicala con carácter xeral para cousas se que fagan para usuarios do concello, pero cando participan en accidentes que os automóviles todos teñen seguro, sería bo para o concello repercutir esa taxa.

Sra. alcaldesa: si se está aplicando a ordenanza, outra cousa é que á día de hoxe aínda non se ingresase ningunha cantidade, pero si se esta aplicando; estanse facendo os partes e se pasan a unha base de datos, contactouse coas aseguradoras, con protección civil para ver como tiñan que ser os datos, e, incluso, coa Deputación da Coruña para asegurarnos de como querían que fora para o cobro en vía executiva. Neste semestre vanse a emitir as primeiras liquidacións.

É certo que o espírito desta ordenanza non era o de aplicarlle ós veciños, senón ás compañías aseguradoras, xa que o custo do material nun accidente é algo que está asumindo o concello.

Sra. voceira do PP: ¿porqué recorreremos xa á vía executiva?.

Sra. alcaldesa: é algo que xa temos que ter previsto, é unha cuestión administrativa, temos que saber como é o formato que van querer.

*5.- Creación de una Ordenanza para vados. Es una necesidad, por ejemplo en Guísamo en el garaje situado al lado de Carnicería As Delicias. Gandarío, en época de playa los coches aparcan delante de las entradas da las casas. Se non hai vao non hai posibilidade de sacar o coche de alí.*

Sra. alcaldesa: si hai posibilidade, pero iso é algo que xa se trouxo ó Pleno e se falou. Non poder facer a prestación dunha ordenanza de vaos cunha retirada de grúa, e dispor dun espazo onde ter custodiados os vehículos que se leven, iso dificulta poder ter esas ordenanzas. Hai moitos concellos limítrofes que tampouco teñen esas ordenanzas.

Unha cuestión que se plantexara no Pleno foi facer a ordenanza pero sen retirada, co cal o custo que se lle podería repercutir ó usuario sería bastante inferior; ó día de hoxe non é o mais urxente, xa que as multas están funcionando, e os automobilistas vanse dando conta de que non poden aparcar nunha zona pintada ou que teña unha saída dun particular cun vehículo.

Sra. voceira do PP: pero é cuestionable unha sanción nun sitio que non estea marcado.

Sra. alcaldesa: ó día de hoxe cobráronse todas.

*6.- Temporada de verano, cuantos auxiliares de policía local y cuantos de protección civil se van a pedir. Consideramos necesarios dous auxiliares y cuatro personas para protección civil.*

Sra. alcaldesa: respecto ós auxiliares da policía local, durante estes últimos anos o concello contrataba un e despois solicitaba a subvención, pero o ano pasado denegouse esa subvención porque hai menos cartos na partida global. Nos entendemos que debemos recibir parte desa subvención, somos un concello de tempada de verán, pero se non hai subvención non podemos asumir con fondos propios a contratación de dous auxiliares.

En canto a protección civil, isto vai metido nun Plan de Cooperación, e son cantidades conxuntas; se pedimos mais para protección civil vannos dar menos para outros programas. Protección civil son voluntarios e o que temos que ter claro é que en Bergondo non hai GRUMIR, está en Betanzos.

Nos cremos que é moi importante dispoñer dun programa para vías e obras, de peóns para limpeza no verán, socorristas, persoal de limpeza de praias; iso ó final é unha cantidade global, se nos dan por un lado non nos dan por outro.

Sra. voceira do PP: pero se non pedimos non nos dan, nin por un lado nin polo outro.

Sra. alcaldesa: pero si a estamos pedindo.

Sra. voceira do PP: por outro lado o convenio que imos asinar con Tráfico fai que delegue mais funcións na policía, e agora xa temos problemas para cubrir as vacacións, se encima non imos solicitar os que nos poidan dar cunha subvención.

Sra. alcaldesa: auxiliares de policía asegúrolle que os imos solicitar, porque se fixo sempre.

Sra. voceira do PP: solicitamos un, pero solicitemos catro a ver se nos dan dous.

Sra. alcaldesa: non podemos contratar mais de dous auxiliares de policía, e os Plans de Cooperación é unha subvención distinta e vai no global.

Sra. voceira do PP: pero se temos mais policía ó mellor necesitamos menos protección civil, ou ó revés.

Sra. alcaldesa: solicitaremos para dous auxiliares de policía, e se nos dan un, estaremos satisfeitos.

Sra. voceira do PP: pois pida catro, a ver se nos dan dous.

Sra. alcaldesa: non podemos contratar catro.

Sra. voceira do PP: xa o sei, pero a ver se nos dan a metade.

Sra. alcaldesa: tampouco podemos pedir catro.

Sra. voceira do PP: vale, pois pidamos o que poidamos, pero pidamos.

O Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, presentou as súas Rogos e Preguntas o día 22 de febreiro, co núm. de rexistro de entrada: 1289. O Sr. voceiro do dito grupo, Antón Sánchez García, pasa seguidamente a formulalos; son os seguintes:

#### ROGOS

1) *Tal e como testemuñan as fotografías presentadas, no lugar de Campo de Lastres, na Aldea de Arriba, en Santa Marta, existe un camiño (asfaltado) que requiriría de limpeza, xa que nun tramo do mesmo resulta complicado pasar cun turismo, debido ás polas de árbores que tenden a invadilo. No mesmo camiño hai tres postes de formigón, que non foron retirados no seu día por Fenosa, cando puxeron outros novos. Con independencia de consideracións estéticas, o caso é que un deles está “descascarillado” e pode resultar perigoso para os viandantes, xa que do mesmo se desprenden pedazos. Habería que lembrarlle a Fenosa a conveniencia da retirada de ditos postes.*

Sra. alcaldesa: Fenosa é bastante reticente coa retirada de postes cando se lle reclama, pero farase.

2) *Reiterando un rogo que xa se trouxo ao pleno de decembro, lembrámoslles a necesidade de instar ao propietario dos eucaliptos de San Paio á súa tala. O perigo para as casas da zona segue presente.*

#### PREGUNTAS:

1) *Estado da tramitación da ordenanza para a limpeza de fincas.*

Sra. alcaldesa: xa o comentamos no Pleno anterior, estabamos esperando á aprobación da Lei de incendios.

Sr. voceiro do BNG: aprobouse hoxe, pero había un borrador.

Sra. alcaldesa: si, un borrador que levaba varios meses circulando.

Sr. voceiro do BNG: e coincide co que se aprobou hoxe, era previsible porque hai maioría absoluta do PP; daquela habería que ter avanzado coa ordenanza porque había un compromiso de facelo; hoxe xa está publicada.

Sr. concelleiro de Infraestruturas, Medio Ambiente e Vías e Obras, F. Manuel Fafián Torreiro: para a semana, cando queirades sentámonos, queda na vosa man, dos dous grupos. Decídeme que día e comezamos a miralo.

Sra. alcaldesa: nos iremos tramitando o que corresponde ó concello respecto a esa ordenanza e lles pasaremos un borrador.

2) *¿Cales son as previsións sobre as obras de mellora da seguridade vial na N-VI?*

Sra. alcaldesa: xa se estivo facendo o reforzo do firme correspondente ó Concello de Bergondo, que xa remataron.

Sr. voceiro do BNG: foron unhas horas moi malas para facer ese reforzo; pero tampouco son unhas obras de seguridade viaria.

Sra. alcaldesa: o pintado está pendente de licitación por parte do ministerio; xa nos dixeran que ata a primavera non contaban con facelo, as ultimas noticias que temos son que aínda está pendente de licitación e da aprobación que lles dean en Madrid; nos seguiremos insistindo, e a idea dende A Coruña é licitar este proxecto.

Sr. voceiro do BNG: eu, dende o BNG, o que suxiro é que se non se cumpren as previsións haberá que tomas outras medidas mais enérxicas, a vía pacífica parece que non da bos resultados.

3) *¿Existe resposta por parte dos subministradores de enerxía eléctrica á demanda do Concello de Bergondo de cambiar os contratos?*

Sra. alcaldesa: cambiáronse os contratos de tarifas, pero como hai eses dous meses de retraso, agora en febreiro aínda estamos pagando os cargos de novembro; isto entraría en vigor en xaneiro, co cal non o veremos ata as facturas que se presenten, teoricamente, en marzo

Sr. voceiro do BNG: as novas tarifas ¿pódense consultar?

Sra. alcaldesa: aínda non, eu as consultei onte e a tarifa que aparece na factura é a mesma.

Sr. voceiro do BNG: é que se se van pagar dentro de dous meses, ¿non hai algunha proposta.?

Sra. alcaldesa: o contrato que asinamos no seu momento, coa tarifa que se propoñía.

4) *Arranxo do camiño do lugar da Senra-Vixoi.*

Sra. alcaldesa: está pendente da iniciación do contrato; vai vir á Mesa de Contratación.

Sr. voceiro do BNG: no pleno anterior era que se ía facer a Mesa en quince días. É un camiño do que xa falamos en xuño, de corenta ou cincuenta metros.

Sra. alcaldesa: pero forma parte dun proxecto, forma parte da Memoria.

Sr. voceiro do BNG: en xuño estaba no Plan municipal de pequenas infraestruturas.

Sra. alcaldesa: e é certo.

Sr. voceiro do BNG: e fíxose un suplemento, en teoría para o exercicio 2011.

Sra. alcaldesa: e hai que incorporalo..

5) *Arranxo camiño Miodelo-Rois*

Sra. alcaldesa: está incluído no POS. Como vostedes viron, foi esa limpeza de cunetas e a empresa pediu un mes de prórroga para aproveitar mellor o tempo, xa que nos recomendaron non asfaltar con mal tempo, e concedémosllela.

Sr. concelleiro de infraestruturas, medio ambiente e vías e obras: desta vez imos intentar certificar as obras con rigor de calidade, entón, a empresa o que pediu foi limpar as cunetas, deixalas asentadas e dentro dun mes asfaltar; foi unha proposta que nos pareceu ben.

Sr. voceiro do BNG: ¿xa está certificando con calidade?

Sr. concelleiro de infraestruturas: xa temos un informe de calidade.

6) *¿Qué medidas se tomaron en relación co conflito existente no acceso á fonte no lugar das Leiras?*

Sra. alcaldesa: temos encargado un informe pericial sobre a zona que aínda non nos chegou.

Sr. voceiro do BNG: ¿a quen se lle encargou? ¿onde podo velo?, haberá un rexistro de saída.

Sra. alcaldesa: non, foi verbal, xa que se lle encargou xunto con outro que xa está entregado.

Sr. voceiro do BNG: xa fai dous anos que existe isto, volvemos a insistir na necesidade de facer o inventario para solucionar estas cousas, que tamén o propuxemos, é outro dos acordos que non se cumpriron e hai que darlle para adiante.

Había outra parte, esperemos que chegue pronto o informe, un desvío de augas pluviais que se comprometeran a dicirnos algo e repoñelo ó estado orixinal, e segue igual.

Sra. alcaldesa: imos esperar a ver que nos di o informe.

Sr. voceiro do BNG: pero o informe é sobre a titularidade do acceso, e para as augas pluviais non necesitan informe; hai un cano que ía paralelo ó camiño e desviouse cara el, pódese ver. Hai que repoñelo ó estado orixinal, en tal caso que presenten eles outro informe. O informe é pola titularidade do camiño de acceso á fonte, non ten nada que ver coas pluviais.

Sra. alcaldesa: é incluso dubidoso que o concello poida facer algo aí, que non sexa un tema entre veciños e teña que acabar no xulgado.

Sr. voceiro do BNG: pero, ¿as augas pluviais non son competencia municipal?.

Sra. alcaldesa: imos esperar a que veña ese informe e xa veremos.

Sr. voceiro do BNG: pero o informe é sobre un caso concreto.

Sra. alcaldesa: vostede estame falando dun caso cunhas manifestación que fixeron uns veciños, que non digo que non teñan razón, pero non é proba.

Sr. voceiro do BNG: ¿hai algún informe da policía local sobre o desvío das augas pluviais?.

Sra. alcaldesa: non.

Sr. voceiro do BNG: ¿porque non se fixo?.

Sra. alcaldesa: porque a policía non ten coñecemento de que existira ese desvío, non pode ter coñecemento diso.

Sr. voceiro do BNG: non pode porque non se lle di, pero terá que ir alí a velo; polo menos ter un informe.

Sra. alcaldesa: un informe do que lle din.

Sr. voceiro do BNG: non, do que se ve. Vese que se desviou o cano ó camiño, ten que vir a policía e plasmalo sobre un papel.

Sra. alcaldesa: e eu podo ver o que me manifestan os veciños, que non dubido.

Sr. voceiro do BNG: pero vostede ten instrumentos, como é a policía local, para ir alí, sacar fotos e facer un informe, iso é o que hai que facer se se preocupa por ese tipo de problemas, senón que ocupen camiños, que desvíen as augas pluviais, e aquí lavámonos as mans todos.

*7) Veciños e veciñas de San Cidre demandaron que, xa que a rúa estaba aberta para instalar os tubos para o alcantarillado, se lles engancharan ás súas casas. Isto finalmente denegóuselles; cousa que soe acontecer con frecuencia, a pesar de que a postura dos veciños e veciñas é a máis racional e económica, ¿Por qué non se levan a cabo as obras deste xeito?.*

Sra. alcaldesa: ó mellor refírese vostede a algún escrito que entrou no concello.

Sr. voceiro do BNG: non estou facendo alusión a ningún escrito.

Sra. alcaldesa: hai un procedemento para tramitar as conexións, ó concello e a empresa concesionaria, que vai cobrar a partir dese momento, interésanos ter o maior número de xente enganchada á rede de saneamento, para iso se fai.

Para iso o interesado fai a solicitude correspondente na empresa concesionaria, Aquagest, o técnico da empresa vai ó domicilio, coñece as circunstancias do lugar e fai un informe e remite ó concello as acometidas informadas, despois nós as trasladamos ó técnico municipal para que informe se se pode executar, ou non; se ten autorizacións doutros organismos, dependendo de quen sexa a estrada, solicitámolas. Unha vez tramitado isto, que leva mais o menos un par de meses, oxalá fose con mais

celeridade, desde Alcaldía autorizamos a que se proceda a realización desa acometida, e no momento en que o veciño ten esa autorización, é cando vai facer o pago e se pon en contacto coa empresa.

O que non se pode facer é enganchar un tubo porque si, e menos cando está a facer o que non se lle di; hai xente que pensa que na súa propiedade pode facer o que pense, ou, incluso, na vía pública; hai que diferenciar cando é na vía pública de cando é na parcela do titular. Ese é o procedemento que hai que seguir, se nalgún momento non se segue entón se que sería cando poderíamos ter esas queixas e solventalas. O que facemos é intentar que todo isto sexa o mais áxil posible, pero non se lle denega a ninguén que se conecte ó saneamento, a non se que alguén queira que vaíamos alá ó fondo, porque como teño a casa ala metida non quero bombear, que podería selo caso, non é este concretamente.

Sr. voceiro do BNG: non me quería cinguir ó caso concreto, que non coñezo, pero xa non é a primeira vez que ven. Hai dúas maneiras, tramitalo o mais axilmente posible, ou cando se teñen planificadas as obras informar ós veciños coa suficiente antelación para que lles dea tempo a facer todo este trámite, eu suxiro que nas obras que se poida facer se faga así.

Sra. alcaldesa: precisamente hai unha obra que se está a facer agora por parte da Deputación, a estrada de Moruxo, onde se lles informou a todos os veciños que nola teñan solicitada porque no momento en que esa carretera quedara case perfecta, non era conveniente volver a rompela, e así é como se fai.

Sr. voceiro do BNG: iso é o lóxico, pois que se faga en todas as obras.

8) *¿Canto se ingresou ou se pretende ingresar pola tala que se realizou no Monte da Fame, en terreos municipais?*

Sr. voceiro do BNG: non vimos ningún ingreso.

Sra. alcaldesa: chegouse a un acordo para facer unha repoboación con plantación autóctona, contando cun informe do Ceida, que aínda non está, puxémonos en contacto con eles para que nos dixeran como facer.

Sr. voceiro do BNG: o que se cortou ónde foi, ¿vendeuse?

Sra. alcaldesa: xa lle estou dicindo, para a repoboación que aínda non se fixo; unha permuta.

Sr. voceiro do BNG: ¿unha permuta pola repoboación?

Sra. alcaldesa: efectivamente.

Sr. voceiro do BNG: pero, ¿hai unha valoración do que se cortou?, ¿pódese consultar?

Sra. alcaldesa: si, e pódese consultar.

9) *Relacionado co anterior, dado que tal e como se afirmou no pleno de 27 de outubro, a tala no monte da fame contaba co permiso pertinente por parte de Patrimonio, a raíz da inspección efectuada por un arqueólogo, queremos coñecer se existe algún informe de Patrimonio ou do citado arqueólogo e de ser así, ter acceso a él.*

Sra. alcaldesa: o informe do arqueólogo non o temos nós, chégalle a Patrimonio, e a nós Patrimonio mandaranos a resolución; ó día hoxe aínda non chegou, mandounos a autorización da tala, a autorización para o control arqueolóxico e despois nos terá que mandar a finalización.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario, dou fe.

O secretario xeral

V. e Pr.:  
A alcaldesa

Federico Suárez Cancelo

Alejandra Pérez Máquez